

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

13618 *Real decreto 961/2013, do 5 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro.*

A Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal do corpo da Garda Civil, desenvolve no seu título VII a provisión de destinos. Nos artigos deste título determínanse, entre outros conceptos, a clasificación dos destinos, as normas de provisión e a asignación e cesamento por necesidades do servizo.

No artigo 71 clasifícanse os destinos, segundo a súa forma de asignación, en destinos de libre designación, de concurso de méritos e de provisión por antigüidade. Son de libre designación aqueles para os cales se precisan condicións persoais de idoneidade, que serán valoradas pola autoridade facultada para concedelos; de concurso de méritos os que se asignan avaliando os méritos que se posúen en relación cos requisitos exixidos para o posto; e de provisión por antigüidade os que se asignan por este criterio. O artigo 72, no seu punto 3, dispón que regulamentariamente se determinen as normas xerais de clasificación e provisión de destinos, e os procedementos de asignación en ausencia de peticionarios. Por último, no artigo 77, facúltase o ministro do Interior, cando necesidades do servizo o aconsellen, e con carácter excepcional, para destinar, acordar o cesamento nun destino ou denegar a súa adxudicación.

O Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil aprobado polo Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro, e as súas modificacións posteriores, desenvolven o título VII da Lei 42/1999, do 25 de novembro. O tempo transcorrido desde entón e a experiencia adquirida polos órganos de planificación e xestión de persoal da Garda Civil, aconsellan a modificación de diversos aspectos e contidos do regulamento, coa finalidade de optimizar a aplicación da norma, así como de proporcionar maior transparencia e axilidade aos procesos de asignación de destinos que permitan, como obxectivo primordial, dispoñer en cada posto de traballo do mellor profesional ao servizo da cidadanía.

Desta forma, considérase de extraordinaria importancia impulsar o desenvolvemento do concurso de méritos como forma de asignación de destinos. Con tal finalidade facúltase o ministro do Interior para determinar os méritos e os seus límites de baremación, e o director xeral da Garda Civil para establecer os seus valores específicos. Establécese, ademais, unha clasificación entre méritos xerais, entre os cales sempre figurará a antigüidade no emprego, e méritos específicos, que deberán estar en estreita relación coas funcións dos postos de traballo correspondentes.

Coa finalidade de racionalizar a asignación de destinos, ábrese a posibilidade de que os gardas civís que non cumpran as condicións de emprego, escala ou tempo de mínima permanencia no seu destino, exixidas no momento do anuncio de certas vacantes, poidan solicitálas se os ditos requisitos se van satisfacer nun prazo de dous meses, asegurando que se cumpren, en todo caso, no momento da resolución do procedemento.

Introdúcese unha nova modalidade de solicitude de vacantes e asignación de destinos, denominada «anuenta», coa intención de racionalizar a asignación dos destinos que se deban realizar con carácter de forzoso. Con esta modalidade ofrécese unha nova posibilidade aos gardas civís para que, sendo destinables forzosos por careceren de destino ou por obteren unha titulación de especialidade, poidan mostrar o seu interese por certas vacantes, incluso as xeradas no propio proceso de asignación das especificamente anunciadas e onde, se fose o caso, terían que satisfacer un período de mínima permanencia dun ano por razón de destino. Asemade, mantense o concepto de

preferencia forzosa para os que, de acordo cos criterios establecidos na norma, deban ser destinados co carácter de forzoso.

Neste sentido, límitase a dous anos o tempo máximo durante o cal se terá a condición de destinable forzoso por estar en posesión dun título que habilita para a ocupación de determinados destinos e non cumprir o tempo mínimo de permanencia neles a que o dito título obriga.

En canto á asignación dos destinos, e como desenvolvemento do establecido no artigo 72.3 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, establécese a forma de asignación de todos os destinos e determínanse os procedementos de asignación en ausencia de peticionarios. Como principais novidades, introdúcese o carácter anuente como unha nova forma de asignación de destino e a posibilidade de destinar con carácter forzoso a vacantes de libre designación en determinadas circunstancias.

Para axilizar o procedemento de asignación de destinos e aproveitar as novas tecnoloxías e a implementación dos novos sistemas informáticos na xestión de recursos humanos no corpo, introduciuse a tramitación telemática de solicitudes de destino.

Conforme o previsto na Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, introdúcese un novo artigo que trata de maneira exclusiva a asignación de destinos tras o recoñecemento, se é o caso, da condición de vítima do terrorismo. Esta protección faise extensiva aos gardas civís cónxuxes ou vinculados por análoga relación de afectividade con estas vítimas. Ademais, como excepción á regra xeral, non serán publicados os seus destinos no Boletín Oficial de la Guardia Civil.

Aínda cando, con carácter xeral, o prazo de incorporación a un destino se inicia na data en que sexa efectivo, resulta conveniente introducir diversos supostos nos cales o dito inicio se poida atrasar. Así, inclúese o desempeño dunha comisión de servizo que non se deba interromper, a realización da fase presencial dun curso ao cal se foi convocado oficialmente, ou atoparse gozando de vacacións, permisos ou licenzas, ou de baixa médica que impida materializar as accións inherentes ao traslado. Nestes supostos, o prazo de incorporación ao novo destino iniciárase cando cesasen as circunstancias mencionadas e, en todo caso, a dita incorporación debe terse producido no prazo máximo dun ano.

Co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e persoal, fanse extensivas as medidas previstas para a muller garda civil en estado de xestación a aquelas que se encontren en período de lactación por fillo menor de doce meses, sempre e cando se comprometa a seguridade e a saúde de ambos, por criterio dos servizos médicos e de prevención de riscos laborais da Garda Civil.

Á marxe doutras modificacións de menor calado concernentes ao dereito preferente, modifícase a extensión deste dereito de maneira que, para determinados casos de estadia nunhas unidades específicas de especial responsabilidade e penosidade, se perda a preferencia absoluta que xeraba sobre o resto dos concursantes aos destinos de provisión por antigüidade, e se opte por unha alteración da orde na preferencia, derivada da modulación que se desenvolva na orde ministerial correspondente.

Por último, coa presente modificación, preténdese adecuar a redacción do regulamento aos diferentes preceptos introducidos na Lei 42/1999, do 25 de novembro, e na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil, relativos ao destino sen publicación previa da vacante correspondente para o persoal de novo acceso á escala, á limitación de solicitar destino durante dous anos cando se fose sancionado con perda de destino, non soamente á unidade de procedencia senón tamén á especialidade que se determine na resolución sancionadora, e á eliminación do cesamento automático no destino cando se inicia o expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2013.

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro.*

O Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro, queda modificado da seguinte maneira:

Un. O punto 2 do artigo 3 queda redactado da seguinte forma:

«2. Serán destinos de libre designación os correspondentes á categoría de oficiais xenerais; os de mando de unidade, servizo e centro docente que sexa exercido por coronel ou tenente coronel; os de xefe de estudos dos centros docentes de formación e aqueloutros que exixan unha especial responsabilidade e confianza por razón da función que se vaia desempeñar e así se determinen na correspondente orde ministerial.»

Dous. O punto 3 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«3. A relación de méritos e a limitación mínima e máxima da súa baremación polos que se debe rexer a asignación dos destinos de concurso de méritos será aprobada polo ministro do Interior.

O director xeral da Garda Civil establecerá os baremos específicos polos cales se rexerán as bases das convocatorias de asignación de destinos.

Os méritos clasificaranse en:

a) Méritos de carácter xeral, entre os cales se incluírá, en todo caso, o de antigüidade no emprego.

b) Méritos de carácter específico, que deberán estar directamente relacionados coas funcións que se deben desempeñar nos destinos.»

Tres. A alínea b) do artigo 8 queda redactada do seguinte modo:

«b) Ter sido excluído con carácter definitivo dunha avaliación para o ascenso.»

Catro. O punto 3 do artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«3. Cando exista diferenza entre as dotacións do catálogo e o número de efectivos en cada emprego, ou cando circunstancias excepcionais fagan necesaria unha racionalización do cadro de persoal existente, poderase limitar o anuncio de vacantes de acordo coas porcentaxes de cobertura previamente establecidas para cada unidade.»

Cinco. Os puntos 1 e 3 do artigo 10 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Sen prexuízo do disposto no artigo 9.3, a Dirección Xeral da Garda Civil anunciará periodicamente, e ao menos unha vez cada seis meses, as vacantes xa producidas, así como as que se prevexa que se vaian producir nos dous meses seguintes á data de publicación do anuncio.»

«3. Por necesidades do servizo ou organizativas poderanse anunciar sen suxeición a periodicidade vacantes que xa se producisen.»

Seis. As letras c) e d) do artigo 11 quedan redactadas da seguinte forma:

«c) Localidade de residencia oficial.

d) Compoñente singular do complemento específico.»

Sete. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«1. Todo anuncio de vacantes publicarase no «Boletín Oficial de la Guardia Civil». Efectuada a publicación, difundirase entre o persoal das unidades, centros e organismos da Garda Civil a través de calquera medio de comunicación interna.

2. Ao persoal de novo acceso a unha escala poderáselle outorgar destino, sen publicación previa da vacante, entre as que resultasen desertas como consecuencia do concurso anterior celebrado para a escala a que se acceda. Excepcionalmente, en atención a necesidades do servizo, os ditos destinos poderán corresponder a postos de traballo non incluídos no inciso anterior.»

Oito. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Condicións para solicitar destino.*

1. Poderán solicitar as vacantes que fosen anunciadas os que, na data límite de presentación de solicitudes, se encontren na situación administrativa de servizo activo ou reserva, segundo corresponda, reúnan os requisitos que se exixan na correspondente publicación e, así mesmo, teñan cumprido o tempo de mínima permanencia no seu actual destino dentro dos dous meses seguintes á data da publicación.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, poderán solicitar as vacantes que se publiquen do emprego superior os que se estime que ascendan ao dito emprego dentro dos dous meses seguintes á data de publicación do anuncio, especificándose os números da escala dos gardas civís que poidan solicitálas.

3. Cando así se especifique na correspondente resolución do anuncio de vacantes, o persoal que, no prazo de dous meses contados desde a data de publicación, estea previsto que acceda a algunha das escalas do corpo, unha vez finalizado o seu período de formación por promoción interna, poderá solicitar as vacantes publicadas. Neste suposto, os destinos non poderán outorgarse antes do ingreso na correspondente escala.»

Nove. A letra c) do punto 1 do artigo 14 queda redactada da seguinte forma:

«c) O garda civil ao cal se lle impuxese a sanción disciplinaria de perda de destino ou cando fose determinado o cesamento neste como consecuencia dunha sanción de suspensión de emprego, conforme o disposto, respectivamente, nos artigos 13.4 e 15 da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil, durante dous anos, non poderá solicitar outro na unidade ou especialidade que determine a resolución sancionadora.»

Suprímese a letra d) do punto 1 do artigo 14.

Dez. O artigo 15 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Carácter das solicitudes.*

1. Os destinos poderanse solicitar con carácter voluntario, anuente ou en preferencia forzosa.

2. Enténdese por solicitude con carácter anuente a do interesado que, sendo destinable forzoso, desexe ocupar vacantes onde poida extinguir esta condición.

3. Enténdese por solicitude en preferencia forzosa a manifestación de preferencia do interesado que sexa destinable forzoso se houberse que asignarlle un destino con carácter forzoso.»

Once. O artigo 16 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 16. *Prazo para a solicitude.*

As solicitudes de destino deberanse presentar dentro dos quince días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio da vacante correspondente. Excepcionalmente, poderase establecer un prazo distinto en tal anuncio.»

Doce. O artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. *Tramitación de solicitudes.*

1. As solicitudes de destino efectuaranse a través da aplicación informática de provisión de destinos dispoñible na intranet corporativa da Garda Civil. Con carácter xeral, as ditas solicitudes, dentro do prazo establecido para a solicitude, gravaranse no sistema, de forma individual, mediante a utilización dos medios de identificación profesionais dispoñibles no corpo, co fin de asegurar a correcta identificación e a confidencialidade. Excepcionalmente, este proceso realizarase mediante gravadores debidamente autorizados, aos cales previamente se lles comunicou, por calquera medio, a solicitude en cuestión. En ambos os supostos, o interesado deberá comprobar o resultado da gravación dentro do prazo de solicitude, co fin de poder emendar os erros que, se é o caso, poidan existir.

2. Toda solicitude xa presentada poderá ser modificada ou deixada sen efecto mentres non conclúa o prazo establecido no anuncio da vacante, mediante o procedemento definido no punto anterior.

3. En caso de que o mal funcionamento da aplicación informática impida efectuar a gravación das solicitudes de destino dentro do prazo establecido, mediante a correspondente resolución poderá ser ampliado; tamén poderá requirirse que as solicitudes afectadas sexan enviadas ao órgano competente de persoal por calquera medio de comunicación dispoñible para o seu correspondente tratamento.»

Trece. O punto 1 do artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os destinos poderán ser asignados con carácter voluntario, anuente ou forzoso, de acordo coas disposicións deste regulamento. A asignación das vacantes solicitadas con carácter anuente terá a mesma consideración que as asignadas con carácter voluntario, salvo para a suxeición aos prazos de mínima permanencia por razón de destino, que será dun ano con carácter xeral. Os destinos asignados en ausencia de peticionarios con carácter voluntario ou anuente terán carácter forzoso. Considérase que se dá a circunstancia de «ausencia de peticionarios con carácter voluntario ou anuente» cando, unha vez asignados os destinos con tal carácter, non quedan peticionarios destas clases para a cobertura dunha vacante.»

Catorce. O artigo 22 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 22. *Asignación dos destinos de libre designación.*

1. Os destinos de libre designación que sexan asignados con carácter voluntario requirirán informe, non vinculante, do xefe da unidade, servizo ou centro a que pertenza a vacante anunciada.

2. Non se asignará destino aos solicitantes que se lles apreciase falta de idoneidade.

3. Non se asignarán destinos de libre designación con carácter forzoso se todos os solicitantes da vacante anunciada resultan excluídos por falta de idoneidade.»

Quince. Engádese un segundo parágrafo ao artigo 23 coa seguinte redacción:

«Aquelas vacantes que non sexan cubertas con carácter voluntario serán asignadas aos que as solicitasen con carácter anuente, cos criterios citados no parágrafo anterior.»

Dezaseis. O artigo 24 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24. *Asignación dos destinos de provisión por antigüidade.*

Os destinos de provisión por antigüidade asignaranse, con carácter voluntario, ao petionario de maior emprego e antigüidade que cumpra os requisitos exixidos.

Se entre os peticionarios houber algún con dereito preferente, aplicaráselle os efectos regulados no artigo 44 deste regulamento. Aquelas vacantes que non sexan cubertas con carácter voluntario serán asignadas aos que as solicitasen con carácter anuente.»

Dezasete. O artigo 25 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 25. *Asignación de destinos por falta de peticionarios con carácter voluntario e anuente.*

As vacantes non cubertas con carácter voluntario ou anuente por ningún peticionario que reúna todos os requisitos poderán ser asignadas aos que reúnan as condicións fixadas na correspondente convocatoria, na seguinte orde:

- a) Aos peticionarios en preferencia forzosa que sexan destinables forzosos e deban ser destinados con este carácter, de acordo cos mesmos criterios establecidos para a asignación dos destinos voluntarios.
- b) Se non hai peticionarios en preferencia forzosa, aos que sexan destinables forzosos, de acordo cos criterios que establece o artigo seguinte.»

Dezaioito. O artigo 26 queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Destinables forzosos.*

1. Para os destinos en que se exixa estar en posesión dun título determinado, serán destinables forzosos durante un período de dous anos contado desde a data de publicación da aptitude correspondente, os que non o estivesen por razón de título e non teñan cumprido o tempo mínimo de permanencia establecido por razón deste.

Para a asignación destes destinos entre os destinables forzosos arriba referidos, seguiranse, e nesta orde, os seguintes criterios de asignación:

- a) Aqueles que estivesen destinados menos tempo en vacantes que exixan estar en posesión do título que motiva o destino.
- b) Aqueles para os cales transcorre máis tempo desde a publicación da aptitude.
- c) En igualdade de condicións, o de menor antigüidade.

2. Para os demais destinos, serán destinables forzosos os que non teñan destino, asignándolles, en primeiro lugar, os destinos de provisión por antigüidade, a continuación os de concurso de méritos e, por último, os de libre designación, de acordo coa seguinte orde:

- a) Os que leven máis tempo sen destino.
- b) Se a vacante foi anunciada para máis dun emprego, os de menor emprego.
- c) No suposto de concorrencia de igual tempo sen destino ou de emprego, o de menor antigüidade.

3. Non serán destinables forzosos os que, no momento de publicación da vacante, non reúnan as condicións exixidas para desempeñar o destino correspondente, exceptuando os alumnos dos centros docentes de formación próximos a ingresar, por promoción interna, nalgunha das escalas da Garda Civil que, de conformidade co establecido no artigo 13 deste regulamento, poden solicitar vacantes anunciadas cando así se dispoña na correspondente resolución de anuncio.»

Dezanove. Engádesse un punto 3 ao artigo 27 coa seguinte redacción:

«3. Para a asignación destes destinos non será necesaria a publicación previa da vacante.»

Vinte. A alínea c) do punto 1 do artigo 27 bis queda redactada como segue:

«c) Poderá ser solicitado pola afectada en calquera momento, acompañando a solicitude coa copia da orde de protección ou, excepcionalmente e mentres se dite esta, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero.»

Vinte e un. Engádesse un artigo 27 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 27 ter. *Asignación de destinos aos gardas civís tras o recoñecemento da condición de vítima do terrorismo.*

A autoridade que corresponda segundo o artigo 20 deste regulamento asignará un novo destino aos gardas civís que teñan a consideración de vítimas do terrorismo segundo o disposto no artigo 4.1 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, conforme o previsto nela sobre mobilidade xeográfica, tendo en conta as seguintes circunstancias:

- a) O novo destino encontrárase vacante.
- b) Poderá ser asignado calquera dos de provisión por antigüidade ou ben aqueles de libre designación ou de concurso de méritos cuxo compoñente singular do complemento específico non sexa superior ao do posto que ocupa.
- c) Poderá ser solicitado polo afectado en calquera momento, por unha soa vez e nun período máximo de cinco anos desde o recoñecemento da condición de vítima do terrorismo, segundo o disposto no artigo 4.1 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, salvo que circunstancias obxectivamente xustificadas fagan aconsellable unha nova asignación, xuntando a acreditación da titularidade dos dereitos e prestacións correspondentes.
- d) O afectado deberá reunir os requisitos necesarios para ocupar o novo destino.

A asignación destes destinos terá carácter forzoso.

Igualmente, e coas mesmas circunstancias, asignárase destino aos gardas civís cuxos cónxuxes ou vinculados por análoga relación de afectividade con aqueles teñan a consideración de vítimas do terrorismo segundo o disposto no artigo 4.1 da Lei 29/2011, do 22 de setembro.»

Vinte e dous. Os puntos 1 e 2 do artigo 28 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Publicaranse no «Boletín Oficial de la Guardia Civil» todas as resolucións de asignación dos destinos e de declaración de vacantes desertas, excepto os asignados de acordo cos artigos 27 bis e 27 ter.

2. A asignación do destino será efectiva aos cinco días da súa publicación, de non dispoñerse outra cousa na resolución. Cando o destino for a unha vacante prevista, a súa eficacia quedará demorada ao momento que figure na resolución.»

Vinte e tres. O artigo 29 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29. *Incorporación ao destino.*

1. O prazo máximo para a incorporación a un novo destino será:
 - a) Tres días hábiles, se non implica cambio de residencia oficial.
 - b) Un mes, se comporta cambio de residencia oficial, sempre que o novo destino non radique no termo municipal onde o interesado teña autorizada a súa residencia; neste caso o prazo de incorporación será o previsto na letra a).
2. Para os efectos do punto anterior, considerarase residencia oficial a do termo municipal onde radique a unidade, centro ou organismo en que estivese destinado. Cando un garda civil se incorpore á situación de activo procedente

doutra das situacións administrativas ou obteña un destino na de reserva considerárase como residencia oficial a da última unidade, centro ou organismo en que se estivese encadrado administrativamente.

3. O prazo de incorporación contarase desde a data en que sexa efectivo o destino. Non obstante, cando o destinado estiver desempeñando comisión de servizo que non se deba interromper, realizando a fase de presente dun curso oficial, gozando das vacacións, permisos e licenzas oficialmente autorizadas ou de baixa médica que lle impida realizar o cambio de residencia, comezará o prazo cando cesen as circunstancias que impediron o seu inicio. En todo caso, a incorporación deberá efectuarse nun prazo máximo dun ano.

Na situación de baixa médica, o interesado deberá solicitar o aprazamento nun prazo de 3 días desde a efectividade do destino ao xefe da unidade, centro ou organismo en que cesa, achegando informe do servizo médico do corpo que certifique a imposibilidade de realizar as accións inherentes ao traslado. O dito xefe comunicará as circunstancias mencionadas ao do novo destino. Se a imposibilidade de realizar a incorporación persistir, deberá ser acreditada con periodicidade mensual, contada desde a data de efectividade do destino, mediante informes do citado servizo médico.

Non obstante, en caso de hospitalización ou outra circunstancia excepcional do destinado que lle impida realizar a solicitude mencionada no parágrafo anterior, o xefe inmediato deste, tan pronto como teña coñecemento do destino asignado, e polo conduto correspondente, deberá poñelo en coñecemento do xefe da comandancia ou unidade similar, para que este comunique ao do novo destino a imposibilidade do inicio do prazo de incorporación. Unha vez finalizadas estas circunstancias excepcionais, o interesado deberá solicitar o aprazamento, e a partir dese momento rexerá o procedemento establecido no punto anterior, ou comunicar o inicio do prazo de incorporación ao xefe de unidade do seu último destino.

4. Cando excepcionalmente se dispoña a incorporación urxente a un destino, notificarase persoalmente, efectuarase sen demora e no prazo de tempo necesario para realizar o desprazamento. En tal caso, o interesado poderá dispoñer, no momento en que as necesidades do servizo o permitan, dun prazo equivalente ao que, de acordo co punto 1 deste artigo, lle corresponda.»

Vinte e catro. O artigo 30 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 30. *Remudas.*

Na resolución que asigne un destino poderase ordenar a permanencia no seu posto de quen cesa ata que sexa remudado, salvo nos destinos recollidos nos artigos 27 bis e 27 ter, cando a seguridade da vítima poida resultar comprometida.»

Vinte e cinco. O artigo 31 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Protección da muller durante os períodos de embarazo e lactación.*

1. O xefe da unidade, centro ou organismo en que teña o seu destino a muller garda civil en estado de xestación, conforme os informes dos servizos médicos e de prevención de riscos laborais da Garda Civil, deberá:

- a) Eximila do desempeño das funcións que poñan en risco o seu embarazo.
- b) Asignarlle funcións distintas que non resulten incompatibles co seu estado.
- c) Asignarlle, se o destino o permite, un posto orgánico distinto ao que estivese ocupando.

As ditas determinacións quedarán sen efecto ao concluír o embarazo, salvo que conorra o disposto no punto segundo.

2. As actuacións previstas no punto anterior serán, así mesmo, de aplicación durante o período de lactación por fillo menor de doce meses, sempre que, de

acordo cos informes dos servizos citados no punto anterior, se poña en risco a seguridade e saúde da muller garda civil ou a do fillo durante o mencionado período.

3. As mesmas decisións poderán ser adoptadas preventivamente, por petición da interesada e sen necesidade de prescrición facultativa, cando exista causa urxente para iso.»

Vinte e seis. O punto 1 do artigo 32 queda redactado da seguinte forma:

«1. Con carácter xeral, o tempo mínimo de permanencia nos destinos será de dous anos para os asignados con carácter voluntario, e dun ano para os asignados con carácter anuente ou forzoso. Nas resolucións de anuncio das vacantes poderán, no entanto, determinarse prazos distintos por necesidades do servizo ou por razóns inherentes á xestión do persoal, sen que en ningún caso os ditos prazos poidan ser superiores a cinco anos.»

Vinte e sete. O punto 1 do artigo 33 queda redactado como segue:

«1. Poderán ser solicitadas por aqueles que non teñan cumprido o prazo de mínima permanencia no destino que ocupen, as vacantes anunciadas:

a) En segunda convocatoria, salvo que o destino que teña adxudicado o sexa por razón de título; neste caso soamente se poderán solicitar as vacantes anunciadas en segunda convocatoria para as cales se exixa a mesma titulación e salvo que o seu destino fose asignado en aplicación dos artigos 27, 27 bis ou 27 ter do presente regulamento.

b) Por creación de unidade, centro ou organismo, ou de dotacións de catálogo de emprego distinto aos xa existentes na unidade, salvo que o seu destino fose asignado en aplicación dos artigos 27, 27 bis ou 27 ter do presente regulamento.

c) Con exigencia de título, mentres se mantéña a condición de destinable forzoso por razón de título para os destinos en que se exixa estar en posesión deste, salvo que o destino que teña adxudicado o sexa por razón de título e non teña cumprido, respecto deste, o tempo mínimo de permanencia establecido.»

Vinte e oito. O punto 1 artigo 35 queda redactado do seguinte modo:

«1. Poderá dispoñerse unha comisión de servizo polas causas seguintes:

a) A ocupación dun posto vacante que, pola súa importancia ou características, deba estar permanentemente cuberto, ben porque non teña asignado un titular ou porque este estivese ausente por calquera causa durante un tempo superior a tres meses.

b) O desempeño de funcións para as cales sexa o interesado particularmente apto.

c) Reforzar unidades, centros ou organismos para o desenvolvemento de determinadas funcións específicas ou cando o maior volume de servizo daqueles non poida ser atendido de maneira eficaz polo seu cadro de persoal orgánico.

d) Asignar un posto de traballo compatible co estado de xestación da muller e o período de lactación, conforme o establecido no artigo 31.

e) Por ascenso ou atribución dun emprego distinto por ingreso noutra escala. Esta comisión de servizo serao na mesma unidade en que estaba previamente destinado ou, se é o caso, comisionado o interesado, e finalizará cando se lle asigne un novo destino ou se cubra, para o que se encontre destinado, a vacante xerada con motivo de térselle atribuído un emprego superior.»

Vinte e nove. O artigo 41 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 41. *Cesamento no destino por pasaxe á situación de suspenso de funcións.*

1. O ministro do Interior poderá determinar o cesamento no destino daqueles membros da Garda Civil que pasasen á situación administrativa de suspenso de funcións a causa de procesamento, inculpación ou adopción dalgunha medida cautelar como consecuencia dun procedemento penal ou pola incoación dun expediente disciplinario por falta moi grave.

As resolucións sobre cesamento no destino notificaranse aos interesados.

2. Se o procedemento xudicial determinante da pasaxe á situación administrativa de suspenso de funcións concluír por sentenza absolutoria ou sobresemento, ou o expediente disciplinario por falta moi grave finalizar sen declaración de responsabilidade, poderá o interesado ser repostado ao destino en que cesou se ao seu dereito conviñer. Para estes efectos, recibido o testemuño da resolución xudicial firme ou adquirida firmeza pola resolución do expediente disciplinario por falta moi grave, oírase o interesado para que manifeste a súa decisión.»

Trinta. O artigo 42 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 42. *Outros motivos de cesamento no destino.*

1. Cesarase no destino cando concorran algunha das causas seguintes:

a) Adxudicación doutro destino.

b) Por disolución ou reorganización de unidades ou redución de dotacións do catálogo. O exceso de persoal que resulte por redución de dotacións do catálogo determinarase entre os compoñentes da unidade que leven menos tempo destinados nela. Se tal feito for coincidente, resolverase a favor do de maior antigüidade.

c) Cumprimento do tempo máximo de permanencia establecido.

d) Pasaxe a calquera das situacións administrativas de servizos especiais, excedencia voluntaria, reserva ou suspenso de emprego, excepto cando a pasaxe a esta última situación sexa por sanción disciplinaria por un período igual ou inferior a seis meses.

Cando a pasaxe á situación de excedencia voluntaria sexa pola causa definida no punto a) do artigo 83.1 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, e o afectado se reintegre á situación de activo ou, se é o caso, á de reserva, terá dereito ao reingreso nunha praza, posto ou destino da mesma especialidade ou outro de funcións similares ao anteriormente ocupado, na mesma localidade, sempre que nela exista vacante.

Cando a pasaxe á situación de excedencia voluntaria sexa polos supostos definidos na letra e) do artigo mencionado no parágrafo anterior, reservarase o destino por un tempo de dous anos; quen cese nesta situación dentro deste prazo reincorporarase ao seu destino. Transcorrido este período, a dita reserva será a un posto na mesma localidade e de igual retribución, sempre que nela exista vacante.

Cando a pasaxe á situación de excedencia voluntaria sexa por razón de violencia de xénero, reservarase o destino durante os seis primeiros meses, prorrogables por períodos de tres meses ata un máximo de dezaioito, cando das actuacións de tutela xudicial resulte que a efectividade do dereito de protección da vítima o exixir.

e) Ter deixado de reunir os requisitos exixidos para a asignación do destino ou non cumprir as condicións exixidas para a súa adxudicación.

f) Ser designado para a realización de cursos de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais cuxa duración de presente de forma ininterrompida sexa superior a doce meses.

A realización de cursos para cambios de escala ou para acceso a outra escala por promoción interna non suporá, en ningún caso, o cesamento no destino.

g) Imposición de condena por sentenza firme que imposibilite para o exercicio das funcións propias do destino que se ocupe.

h) Ter sido sancionado disciplinariamente con perda de destino.

i) Resultar afectado por algunha limitación que sexa incompatible co destino que se ocupa.

2. A competencia para acordar o cesamento no destino polas causas expresadas no punto anterior corresponderá ao director xeral da Garda Civil, salvo que o destino fose asignado polo ministro do Interior ou o secretario de Estado de Seguridade.

Se o motivo de cesamento é debido á causa prevista na letra g) do punto anterior, a competencia será, en todos os casos, do director xeral da Garda Civil.

3. Previamente a adoptar a resolución de cesamento nos casos previstos na letra e) do punto 1, con excepción dos debidos a ascenso ou atribución de novo emprego por ingreso noutra escala, tramitarase un expediente sumario con audiencia do interesado.

4. De acordo co establecido no artigo 97.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, unha vez iniciado o expediente de condicións psicofísicas a que se refire o dito precepto, o afectado poderá cesar no seu destino, se o tiver, no suposto de que, despois da correspondente valoración da relación entre a patoloxía detectada e o posto de traballo que ocupa, se apreciase a necesidade de adoptar a dita medida preventiva. Neste caso manterá, ata a finalización do expediente, a situación administrativa en que se encontre.»

Trinta e un. O artigo 44 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 44. *Dereitos preferentes.*

1. Enténdese por dereito preferente o outorgado ao persoal do corpo da Garda Civil para ocupar vacantes de provisión por antigüidade, sen ter en conta ou alterando tal circunstancia.

2. Terá dereito preferente sen ter en conta a antigüidade para ocupar vacantes na mesma provincia en que estea a unidade, centro ou organismo o persoal do corpo da Garda Civil que cesase no seu destino polas seguintes razóns:

a) Disolución ou reorganización de unidades, ou redución de dotacións do catálogo. Se a unidade se encontrar no estranxeiro, poderán exercer o dereito preferente sobre a última provincia en que estivesen destinados.

Aqueles que cesaron nunha unidade, centro ou organismo poderán exercer o dereito preferente sen ter en conta a antigüidade para esa mesma unidade, centro ou organismo se, nun prazo de dous anos desde o seu cesamento, aumentar o catálogo ou se xerar vacante no seu mesmo emprego, sempre que mantexa os requisitos necesarios.

b) Non ter podido reincorporarse ao seu anterior destino por ter esgotado o seu prazo de reserva establecido na letra d) do artigo 42.1.

c) Perda, en acto de servizo, da aptitude psicofísica para o destino que ocupa.

d) Cumprir a idade máxima exixida para determinados destinos.

De concorrer na petición dun destino persoal con distintos dereitos preferentes xerados por situacións reflectidas neste artigo, a orde de prelación na asignación será a indicada neste punto. Se o dereito preferente proviñer da mesma causa, no caso da letra a) terán preferencia os da segunda letra e, para o resto de casos,

aplicarase o criterio de emprego e antigüidade establecido no artigo 24 do presente regulamento.

3. O ministro do Interior, en atención á especial responsabilidade ou penosidade que conorra en determinados destinos, poderá establecer, para os que os ocupan, dereito preferente que altere a antigüidade para todas ou algunhas unidades, centros ou organismos da Garda Civil.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

Os concursos de vacantes que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estean anunciados e non resoltos axustaranse á normativa ata agora vixente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde INT/1176/2013, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas específicas para a clasificación e provisión de destinos do corpo da Garda Civil.*

Modifícase a Orde INT/1176/2013, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas específicas para a clasificación e provisión de destinos do corpo da Garda Civil, da seguinte maneira:

Un. A letra b) do punto 2 do artigo 3 queda redactada da seguinte forma:

«b) Xefe de estudos dos centros docentes de formación, perfeccionamento e altos estudos profesionais. »

Dous. A letra c) do punto 2 do artigo 3 queda redactado da seguinte forma:

«c) Xefe dos centros de cooperación policial e cooperación policial e alfandegueira (CCP e CCPA).»

Tres. A letra m) do punto 2 do artigo 3 queda redactada da seguinte forma:

«m) Xefe de destacamento de buque oceánico, oficial de destacamento buque oceánico e patrón de buque oceánico.»

Catro. O parágrafo d) do punto 3 do artigo 4 queda redactado da seguinte forma:

«d) Os centros de cooperación policial e os centros de cooperación policial e alfandegueira (CCP e CCPA).»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ